

OS BARRIOS DE CANGAS

O BARRIO DO COSTAL

Érguese como a visita obrigada e primordial. Este barrio é o máis antigo da vila, e a el accédese a través da rúa Alfredo Saralegui, que é a continuación da rúa Fomento, vella fachada do pobo. O mar, pois, chegaba mesmamente ata os pés desta última rúa. Unha vez aquí, podemos percibi-lo ambiente mariñeiro, que nos chega a través de múltiples referencias: as casas en pedra con atavíos mariños, o ir e vir dos homes do mar e o semblante taciturno da muller que espera ó marido para ir vende-lo peixe.

Introducíndonos un pouco máis no barrio, alcanzamos unha acollidora praza interior que dá nome á zona. Estamos a falar da praza do Costal. Hoxe en día é principal centro de eventos culturais, debido á exquisita sonorización que posúe. A estancia nela pode trasladarnos ata o pasado, e pensar que puido ser un dos lugares de espallamento para os seus traballadores veciños.

A partir deste punto, xorde un conglomerado de rúas e prazas nas que aínda perviven vetustas casas e humildes construcións, que manifestan o mantemento de tipos arquitectónicos medievais. A pedra é unha constante nesta zona, quizais unida ós numerosos mananciais naturais que acolle no seu interior.

Subindo pola rúa Cervantes atopámonos coa pequena praza de Sínghulis, que protexe o fermoso cruceiro. Ó parecer, este era un dos lugares nos que se levaban a cabo os castigos á xente xulgada pola Inquisición nos séculos XVI-XVII e posteriores.

As casas que van demarcando tan prezado recinto parecen cumprí-las máximas imperantes no barrio. Son feitas en pedra, con curiosas balconadas e fiestras estreitas e alongadas.

Dende aquí, e a través da rúa de Álvaro Guitián (promotor da creación do antigo reloxo dos Xardíns de Soage), é posible acceder ata a Avenida de Vigo, exemplo do que está a ser o tempo moderno. Sen dúbida ningunha, esta parte do barrio é a de máis acusado contraste.

A rúa de Berbetaña, próxima a Sínghulis, amósanos novamente o sentido tradicional que impregna a tódalas construcións desta zona. O terreo xa é máis inclinado que antes, os currunchos aparecen a miúdo formados polas propias casas, ó mesmo tempo que xorden pequenas rúas. Todo semella estar revolto, pero só dende alí alcanza unha orde exemplar tanta confusión.

A medida que avanzamos, as rúas dan a sensación de querer abrazarse, mentres nós estamos seguros de que nos perdemos nun precioso abismo.

Cando o silencio da mañá só é alterado polos madrugadores veciños que se preparan para a tarefa cotiá, nós podemos achegarnos ata a rúa Faixa ou a Fonte Garrida. Ámbalas dúas zonas son como os símbolos do recollemento, da tranquilidade, algo que está presente en todo este paseo. Nin sequera a crueza da pedra se rebela. Todo é sosego. "Galerías del alma... ¡El alma niña! / Su clara luz risueña; / y la pequeña historia, / y la alegría de la vida nueva...!"

Foi xustamente neste terreo agreste, próximo á rúa Faixa, onde antigamente existiu unha fábrica de gaseosas, xa que toda esta zona é moi rica en mananciais. Un dos lugares emblemáticos neste percorrido é o chamado Outeiro. Como o seu nome indica, trátase da parte alta do barrio, o cume, por dicir dalgún xeito, pero tamén é o cume do traballo sobre a rocha. Esta é viva, tosca, e aínda hoxe poden apreciarse as construcións sobre tan nobre terreo.

O Outeiro enlaza directamente coa Fonte Ferreira. O feito de que o nome da rúa sexa ese, indícanos a importancia deste manancial, que xorde na Choupana, fóra xa dos límites do barrio. A

auga desta fonte foi utilizada noutros tempos como complemento para os barcos de vapor do peirao. Fonte Ferreira desemboca na rúa do Hío. Esta aparece tamén cargada de historia. Así, o seu nome débese a que antigamente circulaban por ela as xentes que viñan dende Hío cos seus burros para vende-las mercadorías na praza de abastos.

A rúa X. Félix Soage ten moito significado no pobo pola persoa á que representa. Estamos a falar dun home que, dende o lonxano Bos Aires, desenrolou un importante labor altruista de cara ó seu pobo. O acondicionamento de moitas rúas, a praza de abastos, algúns xardíns e diversos motivos da Igrexa levan o seu indubidable selo de humanidade.

Os seus paisanos para honra-lo seu traballo decidiron erguerlle un busto que se atopa ubicado na alameda que leva o seu nome, presidindo a singular fonte. A obra ten a particular impronta do escultor Asorei, unha das principais figuras da arte moderna en Galicia.

Todo este cúmulo de rúas que parecen trabarse ten outro foco que zumega historia, o antigo barrio xudeu. Comprendería a que hoxe é rúa do Arco, e que desemboca na praza do mesmo nome. Aquí vivía un gremio que se dedicaba á exportación de peixe seco e de salazón. Os gremios, precisamente, constituían fortes agrupacións comerciais que podían sanea-la economía de moitas familias canguesas xa na Idade Media.

Nesta mesma rúa existiu unha casa coñecida como a dos Quirós (familia de nobres vigueses). Sobre o dintel da porta principal figuraban dúas cabezas que, ó parecer, representaban a Xoán de Ramos e María de Pontes, protectores da construción da Ex-Colexiata, que presenta na súa fachada dúas cabezas parecidas.

Na actualidade só se conserva o arco da antiga casa, que foi demolida, e os dous bustos foron enviados ó museo de Pontevedra.

Se á marxe da súa historia tivéramos que recoñecer por algo este barrio, sería pola morea de tabernas e tascas, nas que se poden tomar bos viños e comer dende exquisitas empanadas ata unha ración de peixes quentiños. Ó mesmo tempo, é curioso, pero nesta zona hai tamén pequenas tendas que parecen agochar segredos históricos da porta para dentro. Ó seu lado están os novos comercios, nos que sempre pode atopar calquera forasteiro o máis increíble recordo da vila.

Hoxe en día, o Costal mestura a tradición cos novos costumes, aínda que como dicía unha veciña: "A xente dagora non che vén polas calles d arriba, isto non lles gusta. Aquí hai moitas cousas bonitas que poucos conosen, ¿que gañas con mintir, compañeiro?"

Ó chega-la rúa Real, xa descubrimos a outra cara de Cangas. Aquí daría comezo...

O BARRIO DO SEÑAL.

Este abarca a parte moderna e máis chá da vila, non exenta, sen embargo, de construcións antigas. Se tomamos como punto de partida a Igrexa, as rúas dos arredores (Santiago, Estrela, Colón...) son, polo xeral, rectas e angostas.

Algo que chama a atención nesta zona é a cantidade de gremios que existiron noutros tempos. A rúa Maratería, actual Ramón Franco, acollía gremios de oficios variados: ferraxes, coiro, etc.

Estas agrupacións comerciais tamén existiron na rúa Colón, onde traballaron ata fai pouco na elaboración de toneis. A competencia existente entre os distintos gremios obrigaba ós traballadores a ser auténticos oradores cos seus clientes. Trataban de persuadilos e conseguí-la súa amizade, porque iso ía supoñer unha maior venda dos seus produtos.

A través destas rúas, eminentemente históricas, chegamos ata a rúa San Xosé, patrón da boa morte. Por este motivo, atópase situada de camiño ó cemiterio.

A rúa do Lirio ten moita similitude coa de San Xosé, sobre todo en canto as construcións que perfilan ámbolos dous treitos.

O patín, as fachadas con pórticos, os grandes beirados, a cuberta a dúas vertentes, os arcos apuntados sobre pilastras e outras modalidades medievais viven no estilo destas casas de Cangas dos séculos XVII e XVIII.

Se consideramos que esta zona de pobo tamén era mariñeira, aínda que máis "poderosa" que a do Costal, poderemos entender a funcionalidade do patín. Era a alternativa que os pobos mariñeiros tiñan, respecto ós do interior, para garda-los utensilios do traballo.

Neste percorrido hai unha rúa que ten un fondo labor histórico, a do Hospital. Nela existiu un pequeno hospital de peregrinos e pobres, que contaba cunha capela anexa.

E se dicíamos que estes barrios soen estar presididos por prazas, o do Señal tamén ten a súa con ese mesmo nome. A ela pódese acceder pola rúa do Sol, se seguímolo itinerario das rúas antes citadas. O Eirado do Señal, como é coñecido por todos, está presidido por unha fonte que parece ocupar xusto o centro do recinto.

A partir daqui xorden unha serie de casas que constituirían a zona máis nova do pobo (rúa Méndez Núñez).

Tamén neste barrio, e case enarborándoo, podemos tomar exquisitos viños e sabrosas tapas nos numerosos bares. Como a hora do xantar está próxima, debemos ir elixindo xa a comida nos distintos restaurantes que hai de camiño. A síntese que podería facerse a este percorrido sería: Cangas foi medrando arredor de dous barrios, un claramente mariñeiro (O Costal), que tamén é o máis antigo, e o outro, aínda que viviu e vive da pesca, sempre foi máis moderno (O Señal). Ámbolos dous configuran, sen dúbida ningunha, o carácter da xente da vila que, ante todo, é traballadora.